



METAL

Sec. Sindical PSA PEUGEOT - CITROËN

# ASEMBLEA DE PROFESIONAIS CONCLUSIONES



Abril 2009

Na Asemblea aberta de profesionais celebrada o pasado día 4, foi tratado o documento da mobilidade funcional para os oficiais de liña e profesionais de mantemento, que recentemente foi asinado polo SIT e UGT.

Na análise do texto coincidiuse ó interpretar que a Dirección, ademais de reservarse un 30 % das futuras vacantes, o 70 % restante está condicionado ós criterios subxectivos das *competencias* que, **son utilizadas pola Dirección para xustificar as súas condenas ou promocións meteóricas.** ¿Cantos profesionais hai que incluso estando ben valorados polo seu mando non son ascendidos polo tapón que exercen os que están entre bastidores? e ¿cantos son ascendidos sen coñecer un calibre?

Para a Asemblea este documento é pernicioso porque faculta á Dirección para poder distribuír, cun alto grao discriminatorio, **billetes sen retorno** para moitos profesionais.

Por iso para **CC.OO** e **C.I.G.** como defensores dunha sociedade que aposta pola formación dos traballadores/as e que a súa contribución nas empresas reverta no conxunto da cidadanía, non podemos quedarnos cos brazos cruzados observando como se pode lapidar este capital humano.

## En consecuencia estas son as **CONCLUSIONES**:

1.-Formalizar unha Comisión paralela de Seguimento dos afectados composta por dúas persoas de ámbolos Sindicatos que se encargaran de:

a) Realizar un control individualizado, tanto dos cambios das persoas, como dos talleres de orixe e destino.

b) Actualización das posibles externalizacións ou rescates de actividades, xa que partimos do Dereito que a Lei outorga ós afectados/as a ser preferentes en retornar as súas funcións na primeira vacante que haxa. Para evitar inxustizas, neste proceso conxuntural, é imprescindible a colaboración de todos/as, no sentido de facernos chegar a información destes movementos.

c) Dispor de asesoramento xurídico.

d) Realizar futuras Asembleas para avaliar a situación.

2.-Finalmente a Asemblea ante semellante documento que non pon en valor a cualificación das persoas, ás cales todos contribuimos cos nosos impostos a súa formación, pediunos ós convocantes que dito documento debería ser público e facelo entrar nas aulas das Escolas Técnicas, onde se forman os profesionais, para que tomen nota de que dende agora en Citroën-Vigo, a evolución dun profesional non é froito dos anos de estudo, nin a posta en practica do oficio, senón que depende, por exemplo, de facer ou non unha *suxerencia*. ¡Manda carallo!.

**CC.OO**

**C.I.G**